



BANDO LEMBRANDO AS OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

Don José Pablo González Cacheiro, alcalde do Concello de Oza-Cesuras

FAI SABER

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPDCIF), ten como un dos seus obxectivos actualizar o réxime xurídico da loita contra os incendios no medio rural, integrando nel a prevención e a extinción, ademais da protección da poboación, das infraestruturas e das instalacións agrarias.

Comunícase ás persoas responsables que dispoñen **ata o 31 de maio** para o cumprimento voluntario da súa obriga para xestionar a biomasa nas parcelas afectadas polas redes secundarias de faixas nos seguintes termos:

- **nunha franxa de 50 metros** perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, arredor de edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.
- Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada **non poderá haber especies como eucalipto, pino, acacia, mimosa, toxo, feitas, entre outras.**

En caso de incumplimento, a contía máxima da sanción pecuniaria que se poida impoñer (Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, en relación co disposto no artigo 50.1 da Lei 3/2007, artigo 74), segundo a súa cualificación:

leve: 1.000€
grave: 100.000€
moi grave: 1.000.000€

Para máis información pode contactar co Concello no 981.79.20.00

O que se fai público para xeral coñecemento, en Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

